



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA, POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN, MODALIDADE ALGAS A PÉ, PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CORCUBIÓN.

ANTECEDENTES

1. O plan de xestión de algas a pé da Confraría de pescadores de Corcubión (PE410A 2024/71-1), aprobouse para o trienio 2025-2027 mediante a Orde do 19 de decembro de 2024 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia (DOG Núm. 251, do 31.12.2024).
2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para a explotación das algas a pé para o trienio 2025-2027, adóptase que o número máximo de participantes a pé no plan en nove (9) permisos. Tendo en conta isto, o número de prazas vacantes por cubrir é de tres (3) prazas.
3. O 09.01.2025 a confraría de pescadores de Corcubión solicita a cobertura das prazas vacantes a pé existentes para a explotación das algas ao abeiro do plan de xestión aprobado á entidade.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determina na Sección 1ª do Capítulo II, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, entre os que figuran as algas.
2. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos e que figura como anexo B desta resolución.
3. Esta dirección territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación





para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

De acordo con todo o anterior, e co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG nº 81, do 24 de abril de 2024), polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, esta dirección territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVO

1. Convocar proceso selectivo para a obtención de tres (3) permisos de explotación, modalidade de algas a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de algas da confraría de pescadores de Corcubión, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)





ANEXO A

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento de (3) permisos de explotación, modalidade algas a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de explotación de algas da confraría de pescadores de Corcubión.

1.2. Tendo en conta que esta explotación será complementaria á actividade extractiva de moluscos bivalvos a pé, establécense como requisito para participar no proceso de selección estar en posesión do permiso de explotación a pé de marisqueo xeral na confraría de Corcubión.

2. Requisitos das persoas candidatas.

Para seren admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán, consonte ao artigo 17º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, e o artigo 9º da Orde do 30 de decembro de 2015, cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da expedición do permiso de explotación os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadada nun concello do litoral de Galicia.
- b) Ser maior de 18 anos ou menor emancipada e non superar a idade esixida para ter dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, conforme o previsto na normativa en materia de Seguridade Social.
- c) Non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. Os preceptores da renda de integración social en Galicia poderán acceder ao proceso de selección, debendo renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.
- d) Non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

As persoas interesadas dirixirán a súa solicitude á dirección territorial da Coruña, empregando o modelo que está a disposición na páxina web da Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> (que tamén se acompaña a estas bases no Anexo D).

O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios deste departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.





Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da confraría de pescadores de Corcubión.

As solicitudes dirixiranse á dirección territorial da Coruña e presentaranse directamente ou a través das entidades asociativas do sector.

As solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) de acordo co establecido nos artigos 27 da lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

Xunto coa solicitude presentarase:

- a) Xustificante de ter aboado as taxas correspondentes. A presentación do xustificante do ingreso das taxas sen acreditación da entidade bancaria con indicación da data determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá substitución da presentación en tempo e forma da solicitude. Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.
- b) Copia acreditativa do documento nacional de identidade. Este documento só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, e a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o antedito decreto.
- c) Copia acreditativa do documentación que acredita cada un dos aspectos que se van a valorar segundo o baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos (anexo B):

c.1) Demandante de emprego:

Informe actualizado dos períodos de inscrición do servizo público de Emprego acreditando o tempo que estivo inscrito como demandante de emprego, expedido pola oficina de emprego xunto co Informe actualizado da vida laboral, expedido polo





Instituto Social da Marina ou pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (á data de resolución da convocatoria ou posterior).

Non será necesario presentar a documentación deste apartado, en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, a dirección territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 49.2 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

c.2) Formación:

- Actividades de formación: Copia acreditativa dos diplomas, acreditacións ou certificados de asistencia a cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas inscritas no catálogo de actividades formativas recoñecidas para o baremo do marisqueo a pé para recursos específicos (anexo C e tamén dispoñible na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>) na data da convocatoria. Unicamente se valorarán as actividades formativas que estean finalizadas na data de publicación da convocatoria.
- Titulación académica. Copia acreditativa da titulación académica.

c.3) Experiencia profesional:

- Copia acreditativa dos permisos de explotación para marisqueo a pé para recursos específicos e/ou para marisqueo a pé nos dous últimos anos anteriores á data da convocatoria. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.
- Copia acreditativa do caderno de navegación con embarques como mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade de algas no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria.

c.4) Empadramento nun concello situado no ámbito territorial da confraría de pescadores de Corcubión, durante un período mínimo de 1 ano anterior á data da convocatoria.

Certificación actual de empadramento no que conste a antigüidade. Este documento só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de residencia, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, a dirección territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a





acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 49.2 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Declaración responsable de que cumpre os requisitos esixidos no artigo 17 c), e), f) e g) do Decreto 425/1993, do 17 de decembro (incluída no modelo de solicitude). As persoas perceptoras da renda de integración social poderán acceder ao proceso de selección, e deberán renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.

3.1. Emenda da solicitude.

A dirección territorial da Coruña, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobará que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.

A notificación do requirimento, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, poderá realizarse mediante publicación no taboleiro de anuncios desta dirección territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Corcubión.

4. Proceso selectivo.

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos, serán admitidas ao proceso selectivo e serán valoradas consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B).

Unha vez baremadas as solicitudes, a dirección territorial publicará unha relación provisional de persoas admitidas indicando a puntuación acadada por cada unha delas. Nesta relación recolleranse as persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios desta dirección territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Corcubión.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar, perante a dirección territorial, cantas alegacións estimen oportunas durante un prazo quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta relación provisional.





O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

5. Listaxe de persoas seleccionadas, presentación de documentación e concesión de permiso de explotación

5.1. Listaxe de persoas seleccionadas.

A cualificación do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos conceptos baremables.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B).

Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e unha vez analizadas estas, a dirección territorial ditará unha resolución, coa relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, así como aquelas que non o superaron.

A lista de persoas non seleccionadas constituirá unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data da resolución da dirección territorial.

A resolución coa relación definitiva publicarase no taboleiro de anuncios desta dirección territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Corcubión.

5.2. Presentación da documentación.

A partir do día seguinte ao da publicación da relación definitiva, as persoas que superaron o proceso selectivo disporán dun prazo de quince (15) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

a) Certificado de estar empadroada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.





As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva.

5.3. Outorgamento do permiso de explotación.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación:

- a) Estar en posesión do certificado profesional correspondente.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- c) Non ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación.
- d) Non ter acreditación de tripulante habilitado para a explotación de percebe nunha embarcación.

A dirección territorial ditará resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación para o marisqueo a pé, conforme ao establecido no artigo 6 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 1993.

